

A buxaina de Valentina Carro

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2007]). “A buxaina de Valentina Carro”. *Galicia Hoxe*: 5 de decembro, 35. <www.galiciahoxe.com/mare/gh/buxaina-valentina-carro/idEdicion-2007-12-05/idNoticia-239827/>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1244>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2007). “A buxaina de Valentina Carro”. *Galicia Hoxe*: 5 de decembro, 35. <www.galiciahoxe.com/mare/gh/buxaina-valentina-carro/idEdicion-2007-12-05/idNoticia-239827/>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 11 de outubro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 05/10/2011.

A BUXAINA DE VALENTINA CARRO

Xabier Cordal

Significativamente, Valentina Carro titulou *Debaixo de Dziga Vertov hai unha buxaina* a obra galardoada no Concurso Nacional de Poesía “Pérez Parallé”. O xurado deste premio que outorga o Círculo Mercantil de Fene –antes obtivéranlo, entre outras, Xiana Arias ou Mario Regueira– valorou na poeta nacida hai 23 anos en Castrelos e establecida en Barcelona “a mellor tradición vangardista”. Valentina Carro fala para *Galicia Hoxe* do libro, aínda por editar, e doutras historias. A conversa ten formato iconoclasta. Hai expectación.

Cando lles preguntaban a Rompente polo estado actual da nosa poesía, dicían iso de “Pois en Grecia, caramba caramba”. Como ves a poesía galega actual?

A verdade é que me fascinan as performances do meu avó: el na cama con rebandas de pataca crúa colocadas na fronte e suxeitas cun anaco de saba vella e amarela, tentando minimiza-la dor de cabeza. E duchampianamente falando, as instalacións de bañeiras oxidadas nos pastos galegos tamén se me ofrecen moi atractivas. Por non falar dos espantallos: unha beleza indubidablemente calderiana. En canto ós pantalóns con remendos do meu tío, creo que son auténticos poemas-obxecto.

Que significa hoxe “vangarda”?

Segundo o Dicionario Xerais da Lingua, “vangardahoxe” significa calzar zapatos furados cando chove.

Así como:

- dinamita-lo ventre dos xornais con metáforas do tipo A radica en B (por exemplo: a fermosura dun caixeiro automático radica no *homeless* que o usa para durmi-las noites)
- agasallar abrazos térmicos de retroalimentación positiva ó señor que varre os chanzos das escaleiras
- berrar: ¡que morran os almozos combinados de café con leite e croasán!
- xa que logo, inventar novos almozos. Opción I: puré de espinacas con achicoria e John Cage
- dicir feliz martes cando é domingo
- encadearse ás portas dunha óptica a esnaquiza-los monóculos do escaparate con prefixos poli-, multi- e hetero-suxestivos.

E, finalmente, tamén:

— insemñar manifestos anti-confort no útero do decembro

Por que eran reaccionarios algúns vangardistas da preguerra?

En Italia, as boutiques non vendían camisas amarelas.

Que é o que máis aborreces da literatura?

Ela en si. Non me gusta a ficción.

Que é o teu libro? O xuri falou especialmente ben del...

Ti preguntas ¿Que é o teu libro?

E eu cito o poeta chileno Juan Luis Martínez: “No soy el autor de nada, el lenguaje le pertenece a todo el mundo, yo sólo lo ordené de una manera, pero esto lo podría haber hecho cualquiera”

Isto é, que o libro xa estaba aí. Non é meu. Eu só me disfracei de lepisma saccharina e dei en practicar unha sorte de grafofaxia regurxitada ó través das páxinas.

E polo tanto, contexto:

Estaba lendo e aburríame. Só ler é aburrido, porque o proceso é unidireccional. Así que decidín organizar unha festa gástrico(artaud)inámica no pórno da miña casa. A convocatoria tivo moito éxito. Kandinsky aceptou gustosamente construír unha fermosa escenografía de improvisacións para o caso. E Fernán-Vello encargouse de que todo fose pornograficamente poético. Máis tarde, apareceu Juan Carlos Cifuentes cun disco recopilatorio de Miles Davis e fixo de Dj. Antón Reixa chegou tarde, pero recompeusonos deixándonos derrapar no seu citröen dous cabalos durante un anaco. E María Casares incluso se animou a facer unha performance de bigotes. En canto a min, eu ocupeime de debuxar unha mariola no chan e fun a culpable de lanza-lo primeiro croio. Logo tamén lin manifestos de contido social, escupín berros desacralizadores, fixen apoloxía da ludopatía como arma de subversión cotiá e firmei teses sobre unha nova tipoloxía de nostalxia: a neomorriña postpailebote. Pasámolo tan ben, que a festa se estendeu 981 versos. Dziga Vertov documentouno todo, aínda que despois destruíu toda a temporalidade celuloide?

Por que, para que un premio?

Para non ter que traballar de caixeira de supermercado Día. E se finalmente hai que traballar de caixeira de supermercado Día, para enzalza-la beleza das mans das caixeiras de supermercado Día e que se che escoite cando enzalzas a beleza das mans das caixeiras de supermercado Día.

Nota a pé de páxina: por certo, que o posto de caixeira de supermercado Día é un magnífico invernadoiro para o cultivo de antropoloxías domésticas.

Que aprendes en Barcelona?

Aprendo que hai poemas visuais transitables nos xardíns públicos. Aprendo a dixerir paisaxes con vellos remexendo nos colectores de lixo en horario de luns a domingo. Aprendo a debuxar fermosas mañás de inverno conversando con Enrique, exiliado cubano, setenta anos, vendedor de libros e outros obxectos transportados de xeito ambulante nun carriño da compra de estampado xeométrico. Aprendo a riqueza da mestizaxe cultural. Aprendo que é un feito a progresiva perda de apropiación do espazo público. Aprendo que hai abulia no tecido social ante o astronómico incremento dos alugueiros. Aprendo como converter edificios abandonados en espazos libres para a dinamitación cultural. Aprendo a Malevich na Pedrera. E tamén a fuxir de conceptos *fashion*.

Que podería aprender a poesía galega de hoxe a respecto da poesía catalá?

Quizais técnicas de marketing publicitario. A calidade, dende logo, xa está aí. E fanse cousas moi interesantes: o festival de poesía do Condado; as orxías culturais nos pendellos d'Agolada; as convocatorias de mail-art da Corporación Semiótica Galega;? O que pasa é que eu, en Barcelona, podo ir á biblioteca pública e sacarme unha edición en DVD de tódalas edicións do Festival Internacional de Poesías e Polipoesías (hoxe xa desaparecido, mágoa); ou no mes de maio, asistir ó Festival Internacional de Poesía, que xa vai pola súa XVIII edición e no que ata os autobuses se enchen de poesía durante unha semana enteira. E en Galicia creo que non. *Post Scriptum* ouveado: enxertemos un festival de poesía en Galicia, xa. Coma o Festival Internacional de Poesía de Medellín, ou o de Nicaragua, ou o de Granada...

Has fundar un grupo?

Agora mesmo. Chamarase “Grupo de tecido efémero para a re-semantización de procesos circunvalatoriamente inéxicos”. Para formar parte do grupo hai que enviarlle un e-mail co nome, a palabra efémero e o enderezo electrónico a harpadelirios@hotmail.com. Nuns días recibirá no seu correo a descrición dunha acción, que deberá levar a cabo se quere formar parte do grupo. Unha vez realizada a acción, xa non formará máis de ningún modo parte do grupo.

Que opina a túa familia de todo isto?

A miña nai sempre me di que non está ben que tenda os pantalóns ó ladiño das sabas azuis e que despois veña un calcetín, así como extraviado. Certamente, o conflitivo do asunto radica nunha mala asimilación gastronomoestética.

Cóntanos o que tes pensado facer nisto da literatura. Vas narrar outra vez?

O obxectivo: montar unha oficina móbil de axitación cultural e promoción de proxectos transdisciplinarios nunha carreta oxi-dada.

A aglomerose: performance + Recitais + Action-paintings + Presentación de libros + Gastronomía literaria + Edicións alternativas + Investigación de libro-obxectos + (?)

O substrato: as festas da Bauhaus. A barraca de Lorca. Os xitanos que venden allos na praza de abastos. O barateiro. A librería móbil que levaban os xaponeses nas costas. Os trens e os barcos soviéticos agit-prop. Fluxus. Cabaret Voltaire. O activista cultural Vázquez Pintor.